

ACTA REUNIÓN COMISIÓN PARITARIA II CONVENIO COLECTIVO PERSONAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerente:

Manuel Fernández Jauregui

Vicerrector de Recursos Humanos:

Emilio Martínez Rivas

CONSELLO GALEGO DE RELACIONES LABORAIS:

Xefe do Servizo Xurídico de Negociación
Colectiva e de Xestión de Convenios:
Celso Araujo Castro

SECRETARIO:

Rafael Ameneiro Bravo

REPRESENTANTES SINDICAIS:

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Luis Pérez Gómez (CIG)

Marcos Estévez Orge (CCOO)

Manuel Marcos García (CCOO)

José Andrés Zapirain Fernández (UGT)

Acta da reunión extraordinaria da Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo do Personal Laboral da Universidade de Vigo, celebrada ás 11:00 horas do día 4 de xuño de 2013, na sala de xuntas nº1 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais coa asistencia das persoas que se citan á marxe e previa convocatoria realizada polo Consello Galego de Relaciones Laborais:

Celso Araujo informa que promoveuse a convocatoria da Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo da Universidade de Vigo a pedimento da Federación de Traballadores de Ensino de UGT de Galicia en escrito que tivo chegada ao Consello Galego de Relaciones Laborais con motivo da falta de pagamento da paga extraordinaria de decembro de 2012 por parte da Universidade de Vigo.

José Andrés Zapirain se ratifica no contido da demanda presentada pola FETE UGT e manifesta que este conflito está incluído nun conflito máis amplo nas universidades de Galicia. No que atinxe á Universidade de Vigo expresa que por mandato lexislativo procedeu a un proceso de carácter confiscatorio aos traballadores co cal FETE UGT tomou as medidas oportunas.

Luis Pérez manifesta que houbo unha negociación sen marxe de maniobra para a execución do desconto da paga extraordinaria e manifesta que está en contra da retirada da paga extraordinaria.

Marcos Estévez expresa a súa oposición á retirada e manifesta que a partir de ahí estableceríonse estratexias variadas para a recuperación da paga extraordinaria.

Emilio Martínez manifesta que en outono do ano pasado houbo reunións coas representacións sindicais para a execución do Real Decreto Lei 20/2012, que era de obrigatorio cumprimento para todas as administracións públicas, tanto pola obrigatoriedade da execución das normas como pola redución do financiamento autonómico á Universidade.

As dúas partes manifestan a súa non avinza na reunión.